

BASES “3º +TALENTO MOTOR DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” 2026

23 de decembro de 2025

1. INTRODUCCIÓN

A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO xunto coa DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA promoverán **“3º +TALENTO MOTOR DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”**.

O obxectivo é promocionar a modalidade de Rallyes entre os pilotos máis novos e atopar un novo talento para competir na provincia de Pontevedra no Campionato de Galicia de Rallyes de 2024,2025 e 2026.

2. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

- Ter unha idade mínima de 18 anos e unha máxima de 24 anos a cumprir no ano 2026.
- Estar empadroado na provincia de Pontevedra antes do 31 de Xaneiro de 2024.
- Non ser Campión de calquer título absoluto a nivel nacional, internacional ou autonómico dentro da modalidade de automobilismo (salvo karting e autocross).

3. INSCRIPCIÓN E CUSTO

Envío do boletín de inscrición que se atopa ao final deste regulamento debidamente cuberto ao correo electrónico fga@fga.es e a ario@ptcescuela.com, xunto co xustificante de transferencia ou ingreso dos dereitos de inscrición (150€) na conta bancaria ES60 2080 5041 1130 4007 3565 (ABANCA). FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO.

O prazo de inscrición remata o día 16 de xaneira ás 12:00 horas do mediodía. Non se admitirán boletíns cubertos parcialmente, fora de data ou sen enviar o comprobante de pago.

4. PROCESO DE SELECCIÓN

A primeira fase da selección será por rigorosa orde de recepción das inscricións. Hai 30 prazas dispoñibles (ampliáveis).

As 30 promesas seleccionadas formarán parte do proceso de selección que se celebrará o día 18 de xaneiro de 2026 nunha ubicación a confirmar e a través de PTC Escuela.

A selección realizarase para ofrecer unha igualdade total no proceso de selección, cun proceso na que todos os participantes realizarán os mesmos exercicios e probas.

Antes de comezar co proceso de selección e eliminatorias, os 30 participantes recibirán un curso teórico e práctico dado por monitores especializados de PTC Escola.

O programa será o seguinte:

- De 9 a 12 horas teoría, mais dúas series de conducción. (Vehículos de serie)

A continuación, comezase co proceso de eliminatorias, nas que os finalistas irán clasificándose co único e exclusivo criterio dos tempos realizados, sendo cronometrados en todo momento cos equipos de cronometraxe oficiais da FGA. O circuito estará delimitado por diferentes elementos estáticos tales como conos, chicanes con colchóns de espuma, etc...Tirar, golpear, desprazar os devanditos elementos ou así mesmo atallar conlevará penalizacións que se especificarán o día da proba e sempre antes de que comecen as diferentes fases do proceso de selección.

5. PREMIO AO GAÑADOR

- Curso de competición en PTC Escola. .
- Participación en todas as probas Dacia Sandero Eco Cup Galicia cun Dacia Sandero do equipo AMF Motorsport.

O premio do 3º +Talento Motor Deputación de Pontevedra inclúe:

- Licenza federativa FGA piloto.
- Licenza federativa FGA concursante.
- Aluguer vehículo Dacia a AMF Motorsport.
- Asistencia e mecánico.
- Pneumáticos.
- Gasolina e consumibles.
- Gastos derivados de avarías mecánicas non causadas por accidentes.
- Mono.
- Inscripción na copa.

O 3º +Talento Motor Deputación de Pontevedra non inclúe:

- Gastos derivados de accidentes (pezas e man de obra con cargo ó piloto).
- Gastos de desprazamento e manutención do piloto.
- Gastos ocasionados polos recoñecementos das probas.
- Equipamento do piloto (casco, luvas, botas, hans, etc.).
- Tódolos gastos non contemplados no premio.

6. CALENDARIO DA DACIA SANDERO ECO CUP GALICIA 2026

1. Rallye do Cocido.
2. Rallye de Pontevedra.
3. Rallye Sur do Condado.
4. Pendente de confirmación.
5. Pendente de confirmación.

7. CONDICIÓN E CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS

Posibles circunstancias que se puidesen dar:

- Climatoloxía cambiante que afecte os tempos no proceso de selección: A criterio do comité organizador, podendo buscar unha solución, ou non, modificándose a clasificación. Dependerá da gravidade e as opcións que existan dadas as circunstancias.
- A climatoloxía é algo que se escapa ao control da organización, e as decisións tomaranse ao exclusivo criterio do Comité Organizador-Avaliador.
- Coñecemento do incumprimento dalgún dos requisitos para a participación a posteriori da selección: Exclusión e otorgarse o premio ao 2º clasificado, e así sucesivamente.
- Rexeitamento do premio por parte do gañador: otorgación ao 2º clasificado, e así sucesivamente.
- Acción irregular ou actitude antideportiva ao longo do programa: A decisión do Comité Organizador-Avaliador, podendo chegar á cancelación inmediata do mesmo.
- Intromisión por parte de familiares ou contorno do piloto ao longo do programa: A decisión do Comité Organizador-Avaliador, podendo chegar á cancelación inmediata do mesmo.
- TODOS OS CASOS NON CONTEMPLADOS NESTAS BASES SERÁ DECISIÓN ÚNICA E EXCLUSIVA DO COMITÉ ORGANIZADOR/AVALIADOR, PREVIO INFORME MOTIVADO DA ASESORÍA XURÍDICO DA F.G. DE A.

8. CONTRATO

- O gañador asinará un contrato que incluíra condicións anteriores e comprometerase á realización completa do programa 2026 do premiado.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Deberán cumprimentarse tódolos campos e asinarase

NOME E APELIDOS: _____

DATA DE NACEMENTO: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

CP: _____ LOCALIDADE: _____

PROVINCIA: _____

TELÉFONO: _____

E-MAIL: _____

DEREITOS DE INSCRIPCIÓN

- Fixaranse en 150€ a aboar polo piloto.
- Conta para o pago das taxas: ES60 2080 5041 1130 4007 3565 (ABANCA)
- É requisito indispensable enviar o xustificante de pago, xunto co boletín de inscrición e unha fotografía do dni por ambas caras a fga@fga.es

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE TÓDOLOS DATOS FACILITADOS SON VERDADEIROS E QUE CUMPRO TÓDOLOS REQUISITOS QUE SE ESIXEN PARA PARTICIPAR NA “3º +TALENTO MOTOR DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.

ASÍMESMO AUTORIZO Á ORGANIZACIÓN A SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS NECESARIAS PARA A SÚA COMPROBACIÓN E CONCEDO PERMISO PARA A FILMACIÓN E REALIZACIÓN DE FOTOGRAFÍAS E VÍDEO DURANTE O EVENTO PARA A SÚA DIFUSIÓN EN MEDIOS E REDES DA FGA

Asinado:

D:/Dna: _____